

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP DE MUIMENTA  
CURSO: 3º  
MATERIA: LINGUA CASTELÁ  
DEPARTAMENTO:  
DATA: 8 DE MAIO DE 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<b>REPASO E REFORZO:</b>	
B4.1. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	B 4.1.4 - Utiliza as normas ortográficas básicas.
B4.3. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.	B 4.3.2 - Aplica as normas de concordancia de xénero e número, na expresión oral e escrita.
	B 4.3.3 - Aplica, con axuda, as normas de acentuación (sílabas tónicas) nas súas producións escritas.
	B 4.3.4 - Utiliza signos de puntuación nas súas composicións escritas.
	B 4.3.5 - Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias.
<b>AMPLIACIÓN:</b>	
B5.4. Reproducir a partir de modelos dados textos literarios moi sinxelos, en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos e poemas.	B 5.4.1 - Crea, con axuda, sinxelos textos literarios moi sinxelos (contos, poemas) a partir de pautas ou modelos dados.
B1.8. Producir textos orais adecuados ao nivel dos xéneros máis habituais imitando modelos, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).	B 1.8.1 - Elabora comprensiblemente textos orais breves e sinxelos do ámbito escolar e social, adecuados ao nivel, imitando modelos.
B3.1. Producir textos seguindo un modelo con diferentes intencións comunicativas, cohesivas de xeito elemental, aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación.	B 3.1.2 - Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza, evitando riscos etc.
B3.4. Elaborar proxectos individuais ou colectivos de carácter informativo sobre diferentes temas do área.	B 3.4.2 - Elabora e presenta, de forma guiada, textos sinxelos, que ilustra con imaxes de carácter redundante co contido.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos: A avaliación do 3º trimestre farase segundo as instrucións da Consellería de Educación do 27 de abril de 2020 , polo que terase en conta a 1º e 2º avaliación, e de cara a avaliación final, aquelas actividades achegadas polo alumnado telemáticamente, só serán tidas en conta de xeito positivo, nunca serán perxudiciais para a avaliación.</p> <p>Instrumentos: Os instrumentos de avaliación para a 3ª avaliación consistirán no seguimento das actividades propostas, que os alumnos/as recibirán polo medio correspondente e enviarán realizadas ao mestre e que este correxirá e devolverá aos alumnos/as, polos medios acordados en cada caso.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>A cualificación final das aprendizaxes do alumnado durante o curso 2019-2020, considerará o conxunto das cualificacións de todo o curso, valorando especialmente o grao de desenvolvemento das aprendizaxes e das competencias imprescindibles previamente definidas. Realizarase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres, así como as actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que se desenvolvan durante o terceiro trimestre, sempre e cando se beneficie ao alumnado.</p> <p>A nota numérica do área será o resultado da media aritmética da primeira e segunda avaliación, sumándolle o correspondente da terceira avaliación, que será:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- 05, puntos se o alumno/a entregou a metade das tarefas propostas</li> <li>- 1 punto, se o alumno/a entregou a totalidade das tarefas propostas</li> </ul>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p>Ningún alumno/a coa materia de Lingua Castelá suspensa, nin no 1º nin no 2º trimestre.</p> <p>Criterios de cualificación:</p> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p>

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<p>De recuperación: como xa dixen non hai ningún alumno/a coa materia de matemáticas suspensa, polo que non se plantean actividades de recuperación.</p> <p>De repaso e reforzo: Refórzanse os contidos traballados no 1º e no 2º trimestre, sobre todo aqueles que, aínda sido superados por todos, puideron supoñer máis dificultades no seu día. As actividades deseñadas vanse mesturando con algunha actividade de ampliación.</p> <p>Actividades de ampliación: Deseñarase algunha actividades de ampliación, xa que no momento do anuncio do estado de alarma, estabase a traballar presencialmente contidos moi relacionados cos propostos para a ampliación e non estaban a supoñer un problema para os alumnos/as. Estes novos contidos están sometidos a unha revisión e readaptación constante por parte do mestre en función da maior ou menor dificultade por parte dos alumnos/as.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>As actividades serán enviadas por correo electrónico a cada un dos alumnos e alumnas. Serán explicadas mediante textos explicativos, audios ou vídeos, así como facendo referencia a páxinas do libro de texto onde se pode ampliar a lectura da información explicada. A comunicación será fluída a través do correo electrónico, que servirá tanto para preguntar dúbidas como para a entrega e posterior corrección das actividades. Para calquera dúbida puntual e excepcional, apórtase tamén o número de teléfono personal do mestre ás familias, para que fagan uso del se así o cren convinte.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Correo electrónico Teléfono (chamadas, audios e whatsapp)</p>

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Correo electrónico.
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.